

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

RESOLUCIÓN do 5 de agosto de 2016 pola que se dá publicidade á resolución de concesión das axudas para novos emprendedores, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

Mediante Resolución do 28 de decembro de 2015 publicouse o acordo do Consello de Dirección que aprobou as bases reguladoras das axudas para novos emprendedores (DOG núm. 247, do 29 de decembro) e procedeuse á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva para o ano 2016.

As ditas bases establecen no seu artigo 10.6 que, con carácter xeral, non se enviarán notificacións individuais da resolución e substituiranse pola publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web do Igape no enderezo www.tramita.igape.es, ao cal se remitirá desde o texto publicado no *Diario Oficial de Galicia*.

Na súa virtude e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Primeiro. Anunciar a publicación do texto completo da Resolución do 2 de agosto de 2016 de concesión das axudas para novos emprendedores, no enderezo www.tramita.igape.es (epígrafe «Consulta de resolucións definitivas», <http://www.igape.es/gl/oficina-virtual/resoluciones-definitivas>).

Segundo. A Resolución do 2 de agosto de 2016 esgota a vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Non obstante, previamente poderá interpoñer un recurso de reposición ante a persoa titular da Dirección Xeral do Igape, dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 5 de agosto de 2016

Javier Aguilera Navarro
Director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

